

CLAVES FEMINISTAS PARA UNHA SOCIEDADE ENFERMA

8 de marzo 2014

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES



**ACTIVIDADES PARA
INFANTIL
8 DE MARZO DO 2014**



STES
INTERSECTORIAL
Organización de Mujeres

educación infantil

Obxectivos

- Fomentar o cambio das relacións de xénero formando o alumnado na autonomía persoal.
- Emprestar atención á programación das actividades e responsabilidades escolares do alumnado, ofrecendo modelos de actuación diversos e non estereotipados.

Metodoloxía

A metodoloxía destas actividades alternará o traballo en asemblea co traballo en pequenos grupos, dándolle un enfoque activo e procurando que as nenas e nenos sexan protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe.

Materiais

Ceras de cores, folios, cartolinas de cores, pizarra dixital

As Estrelas e os Planetas

As Estrelas e os Planetas convivían no espazo sen que aparentemente tivesen problemas, pero entre eles pasaban todo o tempo discutindo quen tiña que mandar no espazo. Os Planetas dicían que eles facían máis cousas, eran máis fortes e, polo tanto, tiñan que gobernar. As Estrelas comentaban que o podían facer igual ou mellor ca eles... E así pasaban os meses, os días e os anos.

Un día estaban todos cando as Estrelas están METEORITO moi vello berrar: "Calade, calade para que non discutades

Todo o mundo el en silencio e o "Facede unha proba

Todos murmuraban e un Planeta

- E que clase de proba teremos que facer?

Ao que o METEORITO contestou:

- Separádevos: os Planetas quedarán nesta banda do espazo e as Estrelas irán vivir alén. Daquela, se alguén non aguanta, que pase para a outra banda e o contrario gobernarán por sempre no espazo.

Os Planetas rían e comentaban que as Estrelas non aturarían soas nin unha semana, xa que non saberían construírse casas para o inverno, terían medo elas soas,... e así pasou un día, unha semana, un mes e un ano.

Tristes, os estarían mortas METEORITO contestoulles:

Na outra banda


que os Planetas

encargase de lavarles a

respondeu o mesmo que xa lles

Os Planetas e as Estrelas emprenderon o

e díxolles: "Pasou un ano e parece que Estrelas e Planetas sodes capaces de facer os mesmos traballos, así



propuesta didáctica

que vós mesmos tedes a solución”.

Ese día fixeron unha gran festa no espazo onde ninguén discutíu pois chegaron a unha sabia solución: que cada mes gobernasen Estrelas e Planetas xuntos, xa que tanto unhas coma outros faríano igual de ben.

Actividades

1. Logo de ler o conto reflexionaremos en asemblea sobre os seguintes aspectos:

- Puideron vivir tanto as estrelas coma os planetas sen necesitaren a axuda dos outros?.
- Credes que existen tarefas de mulleres (Estrelas) e tarefas de homes (Planetas)? Pensades que na vosa casa pasa iso?
- Poden ser presidentes de goberno tanto homes coma mulleres? Oístes falar de algún país onde governe unha muller?

2. O traballo de mamá e papá.

Cada nena/o recibirá unha ficha cunha estrela e un planeta, onde terá que debuxar o traballo/profesión da súa nai e do seu pai. Cando todas/todos terminen, farase unha posta en común para debater se existen profesións de mulleres, profesións de homes ou se coa mesma formación unhas e outros podemos traballar no mesmo.

3. A ruleta da corresponsabilidade

- a) Explicaremos o concepto de corresponsabilidade no fogar.
- b) Faremos un debuxo pequeno coas tarefas que hai que facer para repartir de forma equilibrada as tarefas do fogar de maneira que todos os membros da casa participen.
- c) Recortamos dous círculos de cartolina de xeito que compoñan o seguinte esquema:
- d) En cada apartado do círculo interior pegamos unha foto de cada membro familiar. No círculo exterior, máis grande, pegamos os debuxos das tarefas a gusto.
- e) A continuación, en cada apartado do círculo interior, pegamos un debuxo de cada membro familiar.
- f) Poñemos unha tachola no centro que une ambos círculos.
- g) Cada un levamos a nosa ruleta para casa, colocámola nun lugar visible e regularmente viraremos a ruleta para variar as quendas das tarefas.

